

Lista de espera para realizar un TAC (recomendación e suxestión)

Expediente: I.5.Q/4192/23

Santiago de Compostela, 16 de Outubro de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun doente con antecedentes de enfermidade oncolóxica, referente á lista de espera para realizar a programación dun TAC con carácter preferente.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

En data 30/01/2023 fun atendido no servizo de Traumatoloxía do H. de Barbanza por dor na zona sacro lumbar. Polo que, e dados os meus antecedentes (fun intervido de condrosarcoma) a Dra. especialista pide a realización dun TAC con carácter preferente e volver á consulta coa mesma prioridade.

En data 09/03/23, presento reclamación vía internet (formulario contacte) no SERGAS, sen que no día de hoxe 12 de abril de 2023 tivera contestación, iso aínda que tiveran pasado 71 días da petición da Dra. do Hospital.

Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 24 de Maio de 2023 e no que se fai constar o seguinte:

En relación ó exposto, informo que ó paciente foille solicitado a realización dun TAC abdómino pélvico, con prioridade Preferente, por parte do Servizo de Traumatoloxía do Hospital do Barbanza o 30/01/2023. O motivo é o estudo da dor que presenta en sacro e que motiva esa asistencia.

Debido a diversos problemas conxunturais produciuse nos últimos meses un aumento da carga de traballo das probas complementarias e unha diminución do número de Facultativos para facer fronte á devandita carga.

En calquera caso, solicitamos unha nova valoración do contexto clínico por parte dos Facultativos do Servizo de Radiodiagnóstico do Hospital Público do Barbanza, descartando a necesidade de priorización sobre outras peticións pendentes.

En base a isto, o paciente será citado o antes posible, atendendo a criterios de capacidade e prioridade. Previsiblemente esta citación podería levarse a cabo ó longo do próximo mes de Xuño.

Lamentamos as molestias que esta situación lle poida ocasionar ó paciente.

ANÁLISE

O artigo 5.2 da Lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias establece que o Servizo galego de Saúde co obxecto de fixar tempos máximos de acceso ás súas prestacións, establecerá un sistema de clasificación en prioridades baseado en aspectos clínicos, funcionais e sociais do paciente, este sistema de prioridades condicionará o tempo de espera para as diferentes consultas e procedementos no ámbito da saúde.

O promotor deste expediente refire que o facultativo responsable do seu proceso asistencial, pertencente ao servizo de traumatoloxía, solicitou a realización dun TAC con carácter preferente extremo que confirma tamén esa administración sanitaria. A indicación data do 30 de xaneiro de 2023. Non obstante, o día 13 de abril de 2023, día no que se rexistrou este expediente de queixa, aínda non recibira a programación para a proba diagnóstica pendente.

O día 8 de Outubro a persoa promotora do expediente envía unha nova comunicación na que constata que segue sen data asignada.

Esa administración traslada que se realizou unha nova valoración do contexto clínico por parte dos facultativos do servizo de Radiodiagnóstico descartando a necesidade de priorización, pero segundo traslada o doente non se realizou unha avaliación do seu estado clínico con posterioridade á data de solicitude da proba en cuestión e nada se indica no informe remitido respecto do equipo asistencial que indicou a proba, isto é o servizo de traumatoloxía que en último termo estableceu a prioridade indicando que o TAC tiña carácter preferente cando realizou a solicitude en xaneiro de 2023.

Por outro lado resulta convinte lembrar aquí que de conformidade co Anexo III do Real Decreto 605/2003, de 23 de Maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera do Sistema Nacional de Salud, as probas complementarias solicitadas con carácter preferente deben realizarse nun período de 15 días.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **recomendación:**

Que se poñan en marcha os mecanismos que sexan necesarios para que a programación das probas complementarias en atención especializada se realice respectando os tempos asignados polos profesionais sanitarios que as indican, de conformidade coa normativa vixente na materia.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **suxestión:**

De non ser posible a realización da proba complementaria en cuestión, se cite ao doente para levar a cabo unha nova avaliación do seu estado clínico polo equipo responsable do seu proceso asistencial.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo